CAMILO FRANCO

BALADA TRISTE DE MOQUETA

CASA DAS CRECHAS

BALADA TRISTE DE MOQUETA

Camilo Franco escribe o primeiro folletín para Facebook do mundo

Este libro foi orixinariamente publicado na páxina de Facebook de Casa das Crechas, como un folletín político dirario.

© do texto: Camilo Franco
© das ilustracións: Rubén Prol
© da edición: NóComún
www.nocomun.com
Maquetación: Rubén Prol
www.ipanemagrafica.com
Impresión: Sacaúntos
Impreso en Galicia

Esta obra está publicada baxio unha licenza Creative Commons de Recoñecemento - Non Comercial - Compartir igual. Esta licenza permite copiar, distribuir, exhibir, representar e facer obras derivadas, sempre que se recoñeza e cite ao autor, que non se obteñan beneficios comerciais e que a obra derivada se distribúa baixo a mesma licenza.

A novela por entregas que máis se parece ao folletín político do século XXI

O escritor e xornalista Camilo Franco está convencido de que a literatura ten máis vida que o libro. De que o importante son as historias. De que a maneira na que nos achegamos a elas non e máis que un accidente. Unha circunstancia. É de que é cousa do noso tempo xogar coas circunstancias.

O primeiro xogo coa literatura para a rede de Camilo Franco chamouse *Por conto alleo* e naceu ao abeiro do portal Vieiros nos últimos meses do século XX. Durante 50 días, contra o final de 1999, o escritor comprometeuse a fabricar un relato cada noite a partir de dúas palabras enviadas polos lectores. Os textos literarios resultantes chegaban cada mañá frescos a Vieiros e a experiencia foi tan satisfactoria que uns meses máis tarde deu paso a *Necesariamente X. A razón máis quente*, unha reflexión sobre o pornográfico que viu a luz, tamén en Vieiros, no 2001. Durante tres semanas, os internautas propuxeron imaxes pornográficas. De entre todas elas, escolleronse quince fotografías que ilustraron outros tantos relatos.

O resultado destas dúas experiencias resiste na rede coa frescura dos proxectos pionerios, pero vai máis dunha década dende aquela e nestes anos pasaron moitas cousas. Pasaron os blogs, as redes sociais, os e-books e os contidos na nube. Chegou a cultura 2.0. e algo mudou, tamén, na circunstancia literaria. Neste tempo, Camilo Franco mantívose ao tanto do que pasaba na rede, pero, algo decepcionado polos camiños que ía tomando a cousa, concentrouse na publicación dun novo libro, *Palabras Contadas*, que deu pé a unha exposición homónima da Fundación Luís Seoane, a un videoclip literario e máis a un espectáculo de *spoken word* co que percorreu bares e outros lugares de cultura durante máis de dous anos, en compañía do músico Magín Blanco.

Da mestura da vontade de xogar coa circunstancia e máis da experiencia de espectáculo tabernario adquirida co proxecto *Palabras Contadas* naceu esta *Balada Triste de Moqueta*, un folletín político para Facebook, un novo experimento de literatura para o século XXI realizado en colaboración co deseñador Rubén Prol, co colectivo de comunicación e cultura NóComún e co bar compostelano A Casa das Crechas.

O Facebook é o espazo de comunicación dos nosos días. Organizar no seu interior unha crónica de política ficción a modo de folletín era a intención principal deste xogo literario. Dende o 5 de maio ata o 10 de xuño, Camilo Franco foi deixando no Facebook da historia do Concelleiro de Festas e Cultura. A historia dun traballador incansable ao quen lle gustaría –como a todo o mundo- ter unha poltrona cómoda na que sentarse. Un home simple, que acata ordes, que organiza mítines, que reparte papeletas, que negocia, que calcula, que manilla, que debuxa plans nunha libreta e que vai vendo que ferramentas lle pon a vida na man para facer que se cumpran. Un home que aspira a pisar algún día a moqueta, esa herba intelixente propia da alta política.

Os soportes cambian pero os xéneros son sempre os mesmos. Esta historia, que é unha crónica ficción para internet das eleccións municiapis de 2011, é tamén unha fábula narrativa que segue o modelo dos folletíns da prensa de principios do XX. Este libro que tes nas mans, non é un libro, é un folletín político que foi publicado antes nunha rede social. Aquí reunimos as 28 doses se foron publicando cada día no Facebook e unha última entrega extra, unha sorpresa final. Invitámosvos a adentrarvos nesta historia que parece complexa, pero non o é. Porque o mundo é sinxelo pero para explicalo hai que complicarse a vida. Para non confiarse nos carteis. Para non deixar que as promesas pasen por riba de nós. Para entender que se nos prometen o imposible é porque o posible xa o temos.

Ou te pos a sumar,
ou xa estás restando

Exemplar nº:

Propiedade de:

Arrimou o coche por baixo do depósito da auga das Cancelas. Sempre acababa parando un cacho alí. Baixou do coche, do seu coche, e mirou como Santiago descende cara á catedral.. En todos os relatos hai algunhas nubes e así estaba a cidade, un pouco tornasolada aos seus ollos. Por efecto dos movementos do aire pareceulle que o sol distinguía con máis brillo San Caetano e Monte Pío. Esa é a política que me gusta a min. O territorio da moqueta. Deixouse levar por esa certa ensoñación que posúe á especie humana cando supera o mediodía e aínda falta para xantar. Comezou a calcular orzamentos con ringleiras de ceros e secretarias con axenda, unha blackberry corporativa, e un coche no que ocupar permanentemente o asento traseiro. E dicir si e non con rigor mortis, como se en cada decisión estivese a punto de declarar unha guerra... E dar orde de matar a Bin Laden. Esas son decisións.

Soa o teléfono móbil.

-Dime, Lita

-Chamou o señor das orquestras, que seica hai jaleo.

-Pero concretou?

-Non. Que o chames.

-Veña, chamo.

-Tamén chamou o rapaz ese, o periodista

-Cal? O tranquilo ou o chispas?

-Polo que falaba, debe ser o intranquilo.

-E?

-Que se lle podemos dicir cal é o cabeza de cartel das festas...

-Se preguntase por outra parte de corpo...

-E tamén non sei que do programa das letras... e non sei qué do facebook.

-Non te preocupes máis por iso, se é o intranquilo non ha tardar en chamarme.

Agora San Caetano parece moito máis lonxe e Monte Pío esvaíuse na distancia. Volve mirar por se o tempo aclara.

Soa o teléfono móbil.

-Alcalde, como imos?

-Falaches co conselleiro?

-Vou para alá agora mesmo, estou a cinco minutos.

-Mételle présa, que o que pedimos non é cousa menor.

-Xa, xa, pero anda todo cristo a pedir.

-Ponlle cara de urxencia e dille que a oposición apupa moito por aquí. Dille que se nos deixan sós, isto acaba en bipartito.

-Temos tantos problemas?

-É o guión a seguir...

-Pero entón seguro que xa o sabe e non vai valer de nada a desculpa...

-Vén de fóra, non hai caso.

-Tentarei impresionalo...

-Non lle pidas para as festas, pídelle para o programa das letras. Dille que este ano imos ter todos os escritores acabados en eiro que fagan falta. Que non vai faltar ningún. Logo xa pasaremos os cartos para as festas e damos un campanazo traendo a alguén grande.

-Aínda estou niso, sen saber canto temos non me arrisco a contratar...

-Pois que non pase desta semana que logo os bos están collidos ou van morrendo. A miña filla non cala con Nena Daponte, desde que vai ao instituto gústalle moito máis o rollo galego. Aínda que á miña paisana quen lle gusta de verdade é Albert Hammond. É como unha espiña, cona, sempre botándome a culpa. Dálle caña e chama logo para ver como foi. Non te líes en Santiago, que tes que estar de volta para a pegada. E non te achiques, que xa ves como lle foi ao Madrid. Ti representas a un concello con solera.

O señorío do concello viuna reflectido nos ollos do garda xurado de San Caetano. Díxolle quen era, de onde viña, a onde ía. Pero nin traza. Deulle a pegatina como a calquera outro, deulla na man e "xa a pega vostede onde mellor lle vaia", pero ben á vista. A fachada de San Caetano está chea de desconchados, os corredores cheos de caixas. Pensou na crise, pensou na hora que era, pensou en se non sería todo moi pequeno e canto máis se aproximaba ao despacho do conselleiro máis se decataba de canto melloraríán as cousas se aquela porta tivese o seu nome inscrito.

Pasar a vasoira por diante da cara é pouco delicado. Pero é o día e a romaría. Mollas a vasoira na auga con pós, colocas o cartel no contrachapado que aínda ten restos dos carteis das eleccións anteriores, pos a vasoira polo medio do cartel e dáslle arriba e abaixo. Aí quedas, pegado como un pasmón. Logo volves coa vasoira ao caldeiro, mollas, e volves pasarlla ao cartel. Desta vez dá máis gusto, é como ir borrando un país do mapa. Aínda máis. Podes poñerlle a vasoira de barba ao alcalde para ver se lle borra a cara de ben de interese cultural que se lle puxo e frotar e frotar e frotar...

-O frotar vaise acabar... Con que gana lle dás.

-Alcalde! Nestas fotos está máis novo que hai catro anos...

-O exercicio do poder remoza moito. Pero aínda non cheguei ao que fixeron con Fraga. Foi case resurrección.

-O retocado debería ter os seus límites.

-Non sabes como entendo a Obama. Hai cousas que os cidadáns non poden saber. Son cousas que teñen que quedar para nós. Un peso que só nos corresponde a nós.

Vai chegando xente da cea de campaña. A megafonía debe cobrar por horas e por volume. O alcalde saúda a un lado e outro sen despegarse dun parlamentario autonómico que é portavoz segundo da comisión de desmantelamento de industrias contaminantes. A mil metros hai outro grupo coa mesma disposición, veñen doutra cea de campaña e danse ánimos, igual de achispados. Pero ninguén se preocupa deles porque o fotógrafo está con nós.

-Que che dixo o conselleiro?

-Que un fantasma percorre Europa.

-Falaba por el?

-Pensei que era a crise.

Crúzase o parlamentario que, a pesar do fresco da noite, loce traxe de verán. O alcade faise a un lado e pide desculpas porque as obras están sen acabar, pero ten a cantinela aprendida "cando cheguei a alcaldía, nin aceras nin traída". O parlamentario

esmendréllase como cando falaba Touriño. Pero no que mira para un lado, o alcalde dálle as costas.

-Pero canto sacaches?

-6.000

-Está parvo.

-6.000 foi como empezou...

-Bule...

-Expliqueille que andabamos algo apurados e díxenlle que queriamos chamar a atención na campaña. Díxenlle o da lista de todos os que escriben acabado en eiro, pero non entendeu.

-Que non entendeu?

-A relación. Preguntou cal era o argumento. Per-eiro, contesteille. Non quedou convencido porque me pediu unha lista. Díxome que este era un asunto que tiña máis pinta para Baltar.

-En canto estamos agora?

-12.000. Díxenlle que as xornadas eran caras porque os acabados en eiro son os mellores e a calidade ten un prezo. El tiña que sabelo mellor ca min.

-Mañá sen falta mándaslle a lista a ver se chegamos aos 24.000. Que podemos traer con iso?

-De escritores?

-De cantantes.

-Para una orquestra espectáculo desas con remolque e *chicas* debería dar.

-Ten que ser algo máis grande. Eu pensaba en algo de máis impacto. Al Bano, por exemplo. Pedirlle que cante *La mañana* en galego. Un golpe ao nacionalismo. Temos que arriscar máis.

O parlamentario retorna do limbo da falta de conversa mentres engancha co chispas do concello. Non debín negarme ao segundo licor café, para entrar en calor é do mellor. O eléctrico non lle concede importancia porque non entende de traxes e porque todo o que sabe de política é que o seu alcalde é deus. O parlamentario reclama a atención do alcalde, que para algo el representa o pobo de Galicia, e prodúcese un aliñamento planetario. O alcalde e o parlamentario fan corro. O concelleiro queda co operario. A orde natural.

Desde a distancia o alcalde manda ordes. Pero non queda claro a quen.

-Mañá toca Louredo. Hai que levar os paneis e avisar os da megafonía para que se poñan no campo da festa unha hora antes do mitin. Tamén hai que encargar algo de picar. E coller as sillas do auditorio e levalas para alá que a xente maior non pode estar tanto tempo de pé.

O concelleiro toma nota mentalmente e a lista de cousas váiselle mesturando coa que ten memorizada de apelidos acabados en eiro. Decide facer comunicación de clase co eléctrico en canto asume que os encargos son para el.

-Aquí fala todo dios, pero non traballa nin cristo.

-Cristo non pode traballar, ten os brazos cravados.

Cando chegou ao local do mitin a veteranía de fontaneiro empurrouno a desconfiar. Foi baixando as cadeiras mentres saudaba a xente que xa estaba agardando. A megafonía non chegara e tivo o impulso de telefonar. Pero como o móbil era o del pensou na economía de medios e decidiu ter paciencia. Xa estaban alí as mulleres rurais nun número que garantía o éxito da convocatoria. Entón reparou na mesa das empanadas e percatouse. As racións eran claramente deficitarias. Decidiu, outra volta, agardar a que chegase o alcalde. O rexedor presentouse por teléfono.

-Tes preparado o discurso?

Lembrou que, ademais da fontanería, tiña que actuar de palanganero. E non, non tiña preparados os dez minutos de intervención para quentar a entrada do alcalde.

-Por suposto. Teño un repertorio de grandes palabras. Antes de ti, nin aceras nin traída.

-Cantos anos ten de vella a capela de San Fiz?

-Nin idea.

-Hai que falar co arquitecto. Mira a que están montando en Santiago cos 800 anos da catedral. Un pouco de pasado viste moito. E de ambiente como estamos?

-Hai bastante onde pescar, pero non temos cebo para todos.

-Hai que buscar. A xente con fame marcha cunha sensación de derrota no estómago. A peor das derrotas.

Tomou nota mentalmente mentres o alcalde cortaba e o da megafonía aparecía cun lío de cables e unha actitude optimista. O concelleiro recriminoulle as deshoras para nada.

-Isto vai soar como Los Suaves. Tampouco é unha praza de touros.

A media hora de comezar xa había máis xente fóra que dentro. Non sabía se empregarse como organizador ou como relacións públicas. Cando reparou, a mesa das empanadas xa era un deserto e rondoulle pola cabeza a peor das derrotas. Para o Bloque estas cousas son máis sinxelas. A eles bástalles coas palabras. Desde dentro viu na

distancia a chegada do alcalde. Saudaba un por un. Ía tardar unha hora en chegar á porta. Saíu buscalo.

-Alcade, non hai empanada para todos.

-Temos un problema de Estado.

Os paisanos chegaban, saúdaban e pasaban a un segundo plano. Menos mal que vían o alcalde día si e día tamén.

-Vai ao bar e dilles que se nos fan unhas cantas tortillas de patacas.

-Pero é Secundino, que vai na lista do PSOE.

-O negocio é o negocio. A política non ten que contar. Deixa que faga Ramonita a presentación e vai ti negociar con Secundino.

Mirou o reloxo. Mirou para a xente. Mirou para o coche. Lembrou algúns enfrontamentos coa oposición nos plenos. Sería un bo momento para pronunciar a palabra austeridade. Pero no goberno a austeridade é outra forma de fracaso.

Cando volveu, o alcalde aseguraba con toda a intensidade que permitía a megafonía que estaba por completar a modernización dun concello que podía presumir de cidade. Temos de case todo, pero para ter de todo imos facer unha piscina para nadar e todo. Podemos presumir de leite, podemos presumir de gastronomía e pronto poderedes presumir de piscina. Porque nós somos os que máis nos parecemos aos galegos.

Entrou xusto pola porta con quince bolsa de patacas fritidas con sabor xamón, outras sete de receita tradicional, seis bolsas de améndoas, tres de cacahuetes, trinta bolsas de chaskys. E unha factura.

CAPÍTULO 4: SE O TELÉFONO REPENICA A MEDIANOITE

Volve á casa. Pon a televisión. Mallan nos Lakers de maneira inmisericorde. Mentres bota de menos a Trecet repasa a lista de tarefas. Ten que facer o plan das festas. Facer un programa de festas é como ser adestrador: todo o mundo sabe como facelo, todos teñen algo que dicir, todos encontran os defectos. Repara na televisión: a ese equipo pásalle algo. Cando o comentarista asegura que caen os grandes de mala maneira repara no que pode ter de profético o asunto: e se perdésemos así? Nin pensalo. A polas grandes festas.

O alcalde teno claro. Pero el non. O alcalde quere unha atracción e grandes orquestras. Ao seguro. Panorama, París, Olympus, Sintonía. Dúas orquestras por noite, unha a cada lado da praza, que para iso está pavimentada, e, no medio, o bar para recadar. E nada de cobrar polos concertos. El prefire algo con máis titulares porque chaman os da prensa e a prensa prefire ter a quen entrevistar. Un festival, esas son cousas que chaman a atención.

Colle un caderno de cando estudaba para facer unha lista. Así como así. As contas fanse polo día. A el gústanlle as orquestras. Aínda lembra cando botaban *El preso número 9* nas verbenas d'As Neves. Divide a páxina cunha liña vertical: a un lado as orquestras, a outro lado os concertos. Está por escribir o primeiro dos nomes e soa o teléfono. O fixo. Quen chama xa a ninguén ao fixo? Decide non contestar. Xa chamarán ao móbil. Queda mirando para o aparello descansando na mesa. Pero é o fixo o que volve a soar. Levántase, cruza o corredor, descolga para escoitar, pero non escoita nada.

Volve. Senta. Ten o caderno aberto e éntralle a dúbida de por onde debe comezar a empufarse. Como a factura sexa moi grande case é mellor que gañe a oposición. A botar o resto, como se o ano acabase en maio. Acabou o partido. Catástrofe. Ladran os cans. Colle o bolígrafo e volve soar o teléfono. O móbil permanece en repouso. O fixo non cala. Corredor de novo, descolga. Dinlle con toda a calma antes de colgarlle: "mira ben o que vas facer". Queda coa palabra na boca e o teléfono na man. A televisión besbella ao lonxe e os cans ladran ao cerca. Aínda non volveu da sorpresa cando

soa o timbre da porta. Baixa tentando non facer ruído. Bota man do bastón do seu pai. Cando chega á porta, mira para un sobre deitado no chan. Escoita antes de inclinarse a collelo. Abre o sobre, quita o folio que vai dentro, pero só pode ver que ten letras de periódico recortadas antes de que todo quede completamente a escuras.



Recollérono cabo da farmacia. Entrou pola porta de atrás dun Audi. Diante ía o alcalde, conducindo, e o comandante do posto da Garda Civil. O alcalde mirouno polo retrovisor.

-Non mires así, ho. Se chamamos polo cura poderiamos dar un golpe de estado... Cóntalle ao cabo o asunto e a ver que di.

Un cochazo. Sempre lle gustara o gusto do alcalde polos coches grandes. Que silencio interior. Quizais o coche valese algúns sacrificios. O cabo volveuse a mirar e acabouse o desfrute.

-O anónimo ten menos importancia que que cho deixaran por baixo da porta. Que pon?

-"Toda decisión ten as súas consecuencias. Pensa ben o que fas". É como unha versión longa do que me dixeron por teléfono. Non vas examinalo?

-Si, claro. Pero non creas que isto é CSI Larouco. Bótolle un ollo, pero o alcalde quere saber primeiro se se fai público. Por iso estou aquí e non no cuartelillo. Aínda que cear en Santiago tampouco é mal plan.

O alcalde volveu mirar polo retrovisor.

-Hai cea con Mariano. Mentres imos, falamos. Logo eu saúdo, ti buscas o conselleiro para apretalo mentres eu tento apretar o noso Alberto. Cumprimos co partido e co concello na mesma viaxe e coas mesmas dietas. Logo di a oposición que non administro. De quen desconfías?

-Da miña ex, pero está en Canadá. Do resto, nin puta.

-Ten que ser alguén dos arredores da oposición. Non digo que o anano do Psoe, que non lle debe dar a cabeza para tanto, pero non esquezas que Pachi os ten adestrados nas peores cousas. Coas que lle fixo a Marnotes...

-Non está tan claro. Igual é unha broma como cambiar as macetas de sitio na noite de reis...

-Pero era noite de reis? Non. Pois toma en serio o asunto.

O cabo asente coa cabeza cun medio sorriso. Terá visto moitas pelis de Clint Eastwood?

Soa o móbil do alcalde.

-Dime, presidente... Non hai fallo.... Media hora.... Presidente, sería menos si hubieses acabado la vía rápida, ja, ja. Hasta ahora. Que tranquilos están coa de ostias que se meten.

Outra vez o retrovisor antes da frase.

-A Garda Civil pode vixiar a túa casa, pero eu creo que lle podemos sacar partido. Convocamos a prensa, contamos que recibes ameazas e que isto é intolerable no xogo democrático, incluso contando con Bildu.

-Non o vexo.

-Non ves a oportunidade?

-Non vexo quen o fixo.

-E que máis ten? Ti non o inventaches. E a luz foise xusto nese momento, era lóxico que pensases que ían por ti.

-Menos mal que volveu en medio minuto, porque xa estaba buscando a escopeta.

-Chamamos a prensa e xa lle digo eu aos da campaña en Santiago que chamen eles alguén dos grandes. Non lle deas o anónimo ao cabo ata despois da rolda de prensa.

Moitas mesas, moita xente, moitos cubertos, moito barullo. O alcalde comeza a carreira do pasamans: choca a man e sae disparado cara ao próximo. Ten unha meta. Cando está a vinte metros sorprende ao mundo berrando Mariaaaaanoooo!!! Consegue un silencio e un oco polo que se mete para darlle a man baixo a mirada descrida de Alberto. Cando consegue que o mire ponlle cara de profesor de instituto que acaba de cachar a un alumno fumando no baño. O móbil vibra e para tranquilizar pensa: hai que ser moi parvo para facer chamadas anónimas ao móbil... Pero é peor. É o intranquilo do periódico. Seguro que o sabe. Non lle colle.

O móbil vibra, vibra, vibra! Case ata ao nivel da masaxe. Sácao do peto, volve mirar o número e contesta.

-Non che vou dicir nada de nada.

-De que, de que para a piscina non hai proxecto e de que aínda nin puta das festas. Iso xa mo contou o secretario. Só quería saber se tes facebook.

-O feisbuc, que vén sendo?

-Unha web para cotillas.

-E por que non lle preguntas ao alcalde?

-Porque vai responder o mesmo ca ti. Pero ti es o de cultura, deberías saber.

-Pois claro que sei. Estamos traballando niso. Esta semana vai estar un feisbuc espectacular.

-Mellor que o de Rajoy?

-Non fai falta que o poñas, pero por suposto que si.

-Pois ten para aí cinco mil amigos e outros corenta mil que dis que lle gusta....

-É o que che ten ser rexistrador da propiedade nun país de propietarios.

-Entón a meta é superar a Rajoy?

-Xa te vexo vir. A meta é gañar e Rajoy, de momento, está no noso bando.

-Entón ti estás a favor de utilizar as novas tecnoloxías no rural?

-Pero ti viches funcionar algunha vez unha munguidora? A favor sempre da tecnoloxía. Xa está?

-Por hoxe igual vale.

-E non che gustaría saber algo máis concreto...

Pásalle pola cabeza contar o asunto dos anónimos, pero pensa no cabreo do alcalde se actúa pola súa conta...

-Sobre as festas, o secretario non ten por que sabelo todo.

-Como que?

-Lucía do Incio....

-Que volve? Pensei que era Lois quen volvía ao Incio.

-Ese tamén podes poñelo se queres, que se che gusta a ti traémolo. Pero o que si podes poñer é que, por petición popular, Lucía do Incio vai ser unha das grandes atracións das festas. Unha das primeiras actuacións despois de Eurovisión.

-Ou sexa, festaza.

-Isto non o podes poñer, pero estou argallando unha sorpresa para o alcalde. Vou amañar para que cante na toma de posesión. Sendo o sexto mandato ten que ser algo especial. Igual é o último.

-E se non gañades nin ela nin vós?

-Entón... que nos quiten o bailao.

Cando rapaz o seu pai moito se burlaba dos que tiñan por oficio andar casa por casa vendendo cousas. Non lle parecía un oficio respectable. Avón chama. Pero estamos en campaña e toca casa por casa. O alcade decide o reparto de terras, escolle os que sabe que son dos del e para o resto, facer propaganda entre o electorado. O alcalde entende por electorado aos que non é seguro que voten por el, que igual non son moitos pero son necesarios e non sempre están polo labor. Leva un mangado de folletos que mandaron do partido simpaticamente rotulados baixo o título Centrados en ti. De entrada, non. De entrada, non lle parece moi acertado porque era mellor estar centrados na tarefa e porque dá para moitos retruques. Mentres vai para alá crúzase co coche da Garda Civil e a pesar do saúdo do cabo séntese vixiado.

Na primeira casa saélle Lisardo. Nin me deixes os folletos, que logo teño que tiralos. Aínda estou esperando que poñades os colectores no cruce. Sabes canto teño que andar para tirar o lixo. É máis facil enterralo. Para que non perdas a viaxe tamén che digo que aínda estades a tempo.

Na segunda casa está a señora Carme. Pasa, pasa rapaz. Canto tempo hai que non vexo a túa nai. Déixame pensar... Seis ou sete meses ou quzais algo máis. Dille que falaches conmigo, anda, que vai pensar que estou incomodada con ela.

-Señora Carme, déixolle aquí o sobre para ir votar. Xa sabe, este domingo non, no outro.

-Non sei, fillo, pero este ano non fai falla que veñas buscarme, que vén o meu neto recoller e xa me leva el.

-Non o faga vir para iso, os rapaces queren divertirse. Xa a levo eu, como sempre...

-Xa llo dixen, pero el quere vir.

A terceira casa tiña un can ladrador e non se atreveu a comprobar se era certo o refrán.

Diante da cuarta estaba aparcado o coche da Garda Civil e deu un rodeo para que non pensaran que había sincronización.

Na quinta vivía o revirado que montara unha candidatura independente nas anteriores. Saír non saíra, pero revirado seguía.

Na sexta dixéronlle que agora estaban censados en Santiago e aí viu perigar a maioría absoluta. Ou era unha mentira pouco piadosa ou era que de verdade había un problema.

Volveu para casa co sol do mediodía co mal corpo de saber que sen maioría absoluta non sairía el. O coche da Garda Civil estaba aparcado fronte por fronte da súa porta. Non ben abriu a porta, soou o fixo e foi para alá sen pensar nas consecuencias.

-Diga...

-Lucía do Incio, risa me dá. Pensa ben o que estas facendo.

O alcalde preguntou que facer agora con Lucía do Incio. El contestou: con patacas. Pero o alcalde é un tipo documentado e xa tiña unha organización mental para o problema: a tele dixo que era o primeiro galego que representaba a España en Eurovisión, pero quen lle fai caso á tele. O primeiro foi Julito Iglesias. E quedou moito mellor. "Ponte, a ver que consegues". Pero o alcalde era un tipo moito máis organizado do previsto. E tiña olfato: "vas a santiago e cargas o coche con todos os mecheiros que podas e co aparello da megafonía. Segundo veñas para acó xa o enchufas na ponte, anuncias o mitin de Alberto do mércores a toda potencia".

Tardaron dúas horas en montarlle os dous altavoces sobre a baca. Pero non esperaba que tivera un micro. El esperaba unha cinta, como os clásicos. Cando chegou á ponte deuse conta de que tiña que cumprir ordes. Colleu o micro, deulle ao botón. "O mércores, ás oito da tarde no auditorio da casa da cultura, mítin do presidente..." Pero non había ninguén que escoitara. Como estrea fora un pouco Eurosivión. Pouco público.

O teléfono reclamou atención. Descoñecido. Desacougouse. Contestou.

-Ides manter o de Lucía?

-Por que me chamas desde un descoñecido?

-Cousas do xornal. Ides manter o de Lucía.

-Agora vai quedar feo desdicirse. Pero o do alcalde case que non o facemos.

-Entón de cabeza de cartel?

-Pon que sondeamos a Julio Iglesias. Estivo en Eurovisión e ademais aínda lle deben durar os cartos de cando lle pagamos por ser embaixador de Galicia.

-E do facebook, non vin que o estrearas...

Cando cortou a chamada notou un ruído raro. Estaba nas portas da vila cando a pantalla do móbil escribiu "alcalde".

-Sabes que hoxe actúa Pachi? Pois vaste para alá as oito e chántaslle o coche coa megafonía na porta do local. Pos o volume en modo verbena e explicas todo o que

levamos feito por este municipio.

-Pero alcalde, iso é contraprogramación e na tele non se pode facer...

-Na tele, precismante, fano a diario...

-E que queres que diga?

-Fas unha lista coas obras que levamos feitas e lembras o da piscina e anuncias o programa de festas que vas ter que cambiar...

-O de Lucía aínda teriamos que pensalo, a rapaza animada si que é.

Mentres cruzaba a rúa principal camiño da casa, a xente comezou a facerlle sinais como de que levar das luces prendidas. Pero estaban apagadas.

-Pois eu creo que, por moito que digan os de Lugo, non queda ben contratar a alguén que quedou terceira por abaixo en nada.

-Pero Julio Iglesias soa algo descabellado.

-Alberto proveerá.

Volveron facerlle sinais, cada vez máis esaxeradas, mentres o alcalde volvía á carga...

-Chamáronme do periódico. Din que temos pouca presenza na rede.

-Dígalle que estamos traballando niso.

-Todo o que cae na rede é votante. Por certo, non estou escoitando a megafonía

Cando chegou á gasolinera, colleu un mecheiro co nome do alcalde no lateral. Púxollo na man ao encargado mentres lle pedía que enchese o depósito a ver se lle daba para todo o día.

-É o regalo ideal para este traballo. Pero tamén sería ideal que apagaras a megafonía mentres falas polo móbil. Así que non che presta moito Julio Iglesias.

Volveu coller o coche. Meteu primeira. Cando alcanzou os vinte quilómetros por horas, pasou a segunda, cando alcanzou os trinta, meteu terceira. Colleu o micro e fixo lista, polas aceras, polo centro de saúde, polo alumeado das Neves, polas mellores festas da comarca, pola piscina. Vota.

Pregunta secreta:

-Quién vive en la piña debajo del mar

Respuesta:

-Alcalde esponja

Traballo no concello, estou máis interesado nas mulleres que nos homes, estudei en Ourense. E fotos, agora debería meter fotos. Valerá a dos carteis.

Que andas a pensar. Dan por feito que penso algo e quizais aquí debería poñer: busco cantante famoso ou cámbianse licencias por votos, preguntar polo alcalde. Igual debería poñer: se levades toda a vida así, para que ides cambiar a agora?

Unha vez que viu que estaban publicados sentiuse como comunicando co resto do mundo a pesar de que só lle aparecían dous amigos. Buscou colegueo. Primeiro no partido e logo no mundo. Esa é orde agora mesmo das cousas. Quizais o luns non. Mariano Rajoy Brey, Alberto Ruiz Gallardón, Alberto Núñez Feijóo. Gústame. Gústame. Gústame. Federico Mayor Oreja. Non me gusta, pero non podo dicilo. Que elegante, que británico. Puxo Baltar para ver que pasaba, pero nin rastro. Quizais o facebook non sexa tan necesario. Non puido facerse amigo de ningún deles. Chegar tarde ten estas cousas. Quedas de último e como parvo.

Agora estaba aquí e tiña que facer algo. Buscou amigos como quen busca prendas baratas entre todas as rebaixas. Non tiña. Ou os seus amigos non tiñan facebook ou é que non tiña amigos. A soidade do poder dos mandos intermedios non se maquilla coas redes sociais.

Despois dunha hora, pensou en traballar algo. Lembrou a encarga do alcalde e pensou se Julio Iglesias tería páxina no fb. Decidiu pasar á acción e deixarlle a primeira mensaxe:

Julio, estás leixos, pero Galicia necesítate. Podes vir cantar ao meu pobo?

CAPÍTULO 10: INDIGNACIÓN OU BARBARIE

Ás sete da mañá disparouse o teléfono. As sete da mañá. Xa debía estar en pé. Tiña que preparar a visita do presidente, tiña que organizar a visita á escola, outra ao centro de saúde, levar carteis a Vilariño, ir recoller tres caixas de papeletas na vila e levar o coche a cambiar o aceite. E lavalo, ostia. Pero son as sete da mañá e soa o teléfono. Chama o alcalde e manda parar.

-Chantaron unhas tendas de campaña entre o Concello e a igrexa. Hai cinco ou seis persoas alí.

-Mándalles ao poli que temos.

-Non podo, é unha manifestación política. Hai que facer a guerra por outros medios.

-De que partido son?

-Non está claro, pero deben ser monárquicos porque piden democracia real.

-Nin idea, polo Facebook non o mirei.

-Déixate de chorradas e vaite alá. Mira se fas que cambien a manifestación para o luns. Dille que este é un concello absolutamente leal coa manarquía. Teño unha foto do rei no despacho, pero se queren cólgoa na fachada da consistorial. Unha estatua, facémoslle unha estatua. Se non queren levantar o campamento, enchúfalles a megafonía.

Na radio Rajoy dáballe ánimos a Camps. Que fenómenos. Iso dá moita tranquilidade. Fagas o que fagas estás a cuberto. Como a seguridade social da política. Debería poñelo no Facebook porque está claro que o partido nunca deixa fóra a ninguén.

Cando chegou á praza o policía local estaba de charla tranquila cos acampados. Chamouno a informar.

-Son xente de fóra, pero son xente tranquila.

-Pois deberían ir marchando.

-Pero tamén está Paco, o carniceiro. Case é mellor que llo digas ti.

-Pero que piden?

-Listas abertas...

-Pois non sei que queren, no Partido Popular pode entrar calquera.

-Din que pola tarde vai haber unha marabunta importante.
-O que facía falta, como para que chegue Alberto e os vexa tan campantes.

Fresquío mantinal. Cuartel xeral de campaña que coincide co despacho do alcalde. Hai seis persoas fumando fóra, pero non están acampadas. O alcalde está sentado no sillón do que non quere erguerse. Entramos, pero non hai sitio para tanta xente. No xogo das cadeiras, tocoume quedar de pé. Doénme os dedos de tantas papeletas metidas en tantos sobres e aínda queda repartilas. O alcalde demostra que poñer tantas declaracións de adestradores de fútbol na televisión fai moito dano.

-Estamos no momento máis baixo dos últimos vintecinco anos. Como xa sabedes, perder a maioría absoluta é como perder o goberno. Así que imos darlle un impulso no que queda de campaña para arrapañar os trescentos votos que fan falta para ter catro anos tranquilos e darlle a este concello o que merece. O obxectivo está claro e se ata agora fixemos o necesario para gobernar, agora non é o momento de poñerse delicados. Desde hoxe e ata o domingo imos declarar de portas para adentro o estado de emerxencia municipal e imos mover a árbore como nunca ata agora. Se a xente quere bolsas con cartos haberá bolsas con cartos e se queren tendas de campaña prometeremos un cámping municipal.

A concelleira de muller e servizos sociais di que nas películas o das bolsas de cartos é delito, que igual era mellor empaquetalos doutro xeito.

-Ramonita, isto non é unha película, de feito non temos os cartos, só temos as bolsas. Pero imos ver se conseguimos facer crer que as bolsas están cheas. No mítín de mañá imos levar unhas cantas, pero primeiro temos que convencer á xente de que calquera cousa é mellor que un bipartito, que haberá traballo para todos, que as leiras serán solares, que teremos piscina e cámping, que a Xunta está con nós e a deputación tamén, poremos máis puntos de luz, cambiaremos as bombillas. As instruccións son: vapulear ao PSOE, ningunear ao BNG e ignorar aos independentes. Agora ides ir porta por porta prometendo o imposible porque o posible xa o teñen.

O alcalde saúda mentres eu entrego un sobre. Ao tempo que saúda di calquera cousa do que el denomina o mellor programa electoral da historia. A medida que a xente se para menos con el, as promesas son máis grandes. Eu entrego os sobres todos por igual, hai que ser democrático.

-Manolo, vota por nós, pola piscina, quererás darte un chapuzón, non?

-Felisindo, canto tempo, seguro que ti lembras como era esta aldea antes de que eu fose alcalde, ti que fuches construíndo despois de que eu colocase as aceras.

As respostas son desiguais. Cando pasa o coche de campaña do PSOE, o alcalde bótase para diante e ponse no medio da rúa interrumpindo o tráfico. O coche chega coa megafonía a todo trapo en dirección a nós e o alcalde fai por estar máis no medio. "Último acto de campaña do Partido Socialista. Esta noite na casa de cultura. Vota para que cambiar a alcadía". O alcalde vai levantando a papeleta cara ao coche, sen decatarse de que desde a outra dirección está chegando o coche do Bloque, coa megafonía en modo batalla, "mítin do Bloque Nacionalista Galego, falarán..." o alcalde vírase e levanta o brazo coa papeleta na man e os dous coches chegan á altura de cruzarse co alcalde no medio. Os dous altavoces botan contra el a posibilidade dos mítines. Colle o paquete de papeletas e bótaos contra os dous coches, facendo unha tormenta de papeletas, que vai caendo sobre os capós e estrando a praza, mentres van chegando a pé algúns dos candidatos dos indepepentes coas súas papeletas e un megáfono co que se suman á sesión vermú, "vota para conseguir a auténtica independencia". O alcalde queda no centro, asediado e desafiante.

No medio do rebumbio doume conta de que non levei o coche a cambiar aceite e así non hai democracia que funcione.

Cando espertou, os resultados seguían alí. Espertou como dun longo sono, pero todo seguía alí. As cousas seguían case coma sempre. Pero el non podería seguir como concelleiro. A idea rebotáballe pola cabeza como unha pelota descontrolada. Pero o mundo seguía igual. Case igual.

O concelleiro vestiuse coas roupas de concelleiro, aínda que estaba máis cerca da condición de exconcelleiro. Subiu ao coche e miroulle o contaquilómetros para ver como cambiara dun día para outro. Nin que as papeletas que repartira foran doutro partido.

Desde o despacho da alcaldía podían verse as tendas de campaña no medio da praza. Tres. Unha por cada concelleiro do PP conseguido. O alcade xa estaba preparado para o futuro e pintaba o porvir -que palabra- como un prodixio de enxeñería política porque consideraba o trunfo relativo como un trunfo absoluto. Imos pactar para evitar que pacten. Voulle ofrecer o mesmo a todos para que vexan que non fago distingos por cuestións ideolóxicas. Nos concellos a ideoloxía é un estorbo. Sobre todo temos que evitar que pacten entre eles. Hai que lembrarlles que agora calquera goberno que non sexa o noso quedará rodeado pola marea popular e non conseguirán nin patacón.

O alcalde colleu os datos e soltou:

-Perdemos nas mesas do centro, nas do colexio e nas de Vilariño. Isto foi polos independentes que se puxeron a carrexar coma nós. Estes van querer as obras, pero estou por ofrecerllas ao PSOE antes que a eses monas.

Mirou para o concelleiro antes de adiantar a seguinte xogada:

-Tamén podo ofrecer cultura para atraer ao Bloque. Se as cousas pintan mal, podo facer unha oferta xeral e montar un goberno de concentración municipal para saír da crise.

O concelleiro estivo por decir que con tanta oferta aínda tería que negociar co seu propio grupo, pero o teléfono do alcalde comezou a soar:

-José Luis? Felicidades, home. Non pasou nada, un pequeno tropezo. Pero creo que

o teño controlado. Mañá, se queres, vou por aí e fágoche unha folla de ruta. Pero ten claro que gobernaremos nós.

Cando colgou xa estaba claro que faría falta algo máis que unhas eleccións para cambiar de alcalde. Mirou ao alcalde e pasou directamente a acción antes de darse por vencido como concelleiro saínte.

-Alcalde, como imos facer co meu?

Martin Sheen camiña polos corredores perseguido por seis asesores. Leva cara de ser un alcalde en minoría, pero non deixa de dar ordes. Alguén lle di, "non podemos facer iso pouco antes de entrar no despacho oval". Sitúase sobre o escudo e di: "non podo facer iso?" Son o presidente dos Estados Unidos.

O despacho está tranquilo, pero o seu titular non.

-Sabes que din? Os tres por igual?

-Que o van deixar gobernar en minoría, alcalde?

-Que non me necesitan para nada, que se entenderán entre eles. Pero aínda non está todo perdido. Vounos chamar un por un e vou manobrar. Este é o momento dos grandes políticos. Hai que enfrontalos. Temos un incendio e voute utilizar de coche de bombeiros...

-Alcalde, nin sequera se pode dicir que eu vaia continuar...

-Iso é o de menos agora...

-O de menos para vostede, para min...

-Non sexas agonías, se me salvo eu sálvaste ti e sálvase o concello e, se non, caemos todos.

-Así que ten un plan?

-Algo máis ca iso, é case un golpe de Estado. Vas saír por aí e vas dicir que estou disposto a ceder todo menos a alcaldía, que me conformo con figurar. Eu vou chamar aos cabezas de lista e vou dicir case o mesmo, pero a cada un deles voulles dicir que son os outros os que se opoñen. O Bloque e o PSOE opóñense entre si e os independentes opóñense a todos. Voulles facer ver que se non pactan conmigo non van ter posibilidades. Nesta baralla hai un comodín e só podo ser eu.

-E a prensa?

-Dislle que estamos abertos a todos, que non queremos botar a perder a nosa experiencia de goberno. E tamén debes insinuar que imos desaloxar aos acampados...

-En serio?

-A gran política é así. Un pouco de manobra detrás dun pouco de espectáculo.

Aínda ten un despacho. Sempre sentíu mágoa de que cando se fixo o Concello novo non puxeran moqueta. A moqueta dá un camiñar como de campo domesticado. Pisar moqueta é como pisar herba intelixente. Quédanlle dous telexornais pero ten tres persoas agardando. A máquinaria política non descansa nunca.

O primeiro xa pregunta antes de entrar, sen esperar pola discrección da porta pechada.

-Ti non estabas organizando as festas?

-Agora mesmo non che sei, o panorama é incerto.

-Pois eu creo que é o momento de que o fagas ti. Como se fose o teu legado. Fas as festas e se non gustan é o seguinte quen leva os paos.

-E se gustan?

-Entón mellor, quedas como un campión ao que a historia, a política e o teu alcalde tratou inxustamente. Iso gusta moito á xente. Pensando en futuro, alguén terá que facese cargo do partido...

É verdade o dos debuxos animados. Préndese unha bombilla cando a alguén se lle ocorre algo. O concelleiro tivo o que un poeta dos oitenta chamaría revelación. Case no mesmo momento quedou sorprendido de si mesmo. Do parvo que parecía e do espabilidado que podería chegar a ser.

-Estás ben?

-Estupendamente. Viñas darme ánimos ou cobrar?

-Si que estades cabreados... Preguntaba polas festas porque teño dúas orquestras imponentes para ofrecerche. Escenario plataforma, cantantes en minisais e unha combinación de pasodoble e os corenta principais que queiman os campos das festas. E por tras dos músicos unhas pantallazas para botar por fóra. Levan un par de cámaras e o mesmo enfocan as curvas das solistas que baixan do escenario e sacan aos que están bailando. A xente flipa cando se mira nos pantallóns. É como nos partidos da NBA.

-Ten unha pintaza. Caberán na praza?

-Perfectamente. Pos un trailer a cada lado e non stop. Acaba unha, comeza outra e a xente só ten que dar a volta. Contratando as dúas podes aforrar algo porque utilizan

o mesmo equipo técnico. Algo para ti.

-Agora non podo dicirche nada porque nen sequera sei se temos presuposto.

-Igual non reparaches ben na frase. Podes aforrar algo para ti. A oferta leva algo máis que música.

-... Podemos volver falar mañá?

O concelleiro asómase á porta.

-Lita, o alcalde está no despacho?

-Non, creo que marchou a Ourense, falar con Baltar. Pero non sei porque non levaba bolsa.

A bombilla púxose intermitente reclamando atención. Un pouco de manobra detrás dun pouco de espectáculo. Todo concentrado no mesmo despacho. Sacou o móbil e buscou na axenda un nome. Foi buscando polo abecedario, c, d, f, g.... p. Cando leu Pachi psoe premeu para quitarlle as portas ao campo da festa.

-Concelleiro, entendo perfectamente o que dis. Pero só podo facer a miña parte. Antes de facer nada máis, terías que conseguir o resto dos apoios. Pero eu de ti iría con moito coidado porque é moita xente para que non se saiba e se se sabe estás perdido.

Hai chamadas que parecen perdidas. Menos para Telefónica, que todas son chamadas gañadas. A seguinte chamada tería que levalo directamente ao despacho do alcalde.

-Lita, está o alcalde?

-Virá sobre as doce.

-Vai ter xente?

-Como un médico, nin que gañara...

-Gañar, gañou, pero pola mínima. Podes poñerme para as doce, antes de que fale con ninguén?

-Por que non o chamas por teléfono?

-Hai cousas que non se poden falar cun aparello polo medio.

Arrimou o coche case chegando á praza. Repasou a situación das tendas de campaña, chamou ao policía local e pediulle que chamara á mancomunidade para ver se podían prestar o camión de bombeiros. Logo cruzou a praza ata chegar a unha tenda rotulada Casa do Concello (portátil). Entroulle.

-Quen manda aquí?

Saíulle o fillo da Ramonita, a número dous da lista.

-Neno, tiñas que estar ti aquí.

-Alguén tiña que ser.

-Non, se por min... Pero xa levades para aí unha semana e sempre chega un momento no que hai que ir marchando. Mira Valdano.

-Aínda non temos decisión. Non sei se na asamblea de hoxe se decidirá, pero visto que vós tampouco o tendes fácil para facer gobernable o concello, igual nos ofrecemos como alternativa.

-Que curriño es. Mira, o alcalde quere que marchedes...

-O alcalde en funcións, queres dicir.

-O alcalde que hai. O caso é que levades tempo aquí e habería que limpar un pouco. Imos chamar polo camión de bombeiros para que lave un pouco. Por que non levantades o campamento, aínda que sexa para limpar. Logo volvedes. Xa sabedes que o alcalde levaba no programa un cámping. Podedes ser os fundadores: Cámping 15 de maio.

Marchou en dirección ao concello mentres facía a cuarta chamada. Non comunicaba.

-Que foi?

-Segue en pé a oferta das orquestras?

-Como che dixen onte. Dúas orquestrazas.

-E podemos subir a aposta un pouco. É que me piden que veñan a Oliympus e a Panorama.

-Para as dúas xuntas non sei se nos dará. Pero non che van facer falta, nin comparación coas miñas.

-Ti ponas todas. E vamos buscar unha boa atracción. Pregunta por Julio Iglesias.

Por non entrar no concello mentres falaba, deu unha volta arredor. Non estaría mal que o camión regase por aquí tamén. Marcou o número.

-Ramiro, estás disposto a perder a túa indenpendencia?

O alcalde calcula que convencerá aos independentes sacrificando a concellería de obras e, quizais, a de festas separada de cultura. No PSOE calculan que os independentes nunca pactarían con eles e que o respaldo que poden conseguir do Bloque podería ser un atranco para que os indies participasen nese goberno. No BNG calculan que os independentes son como do PP (a mesma merda é) pero sen disciplina de partido; tamén calculan que en calquera momento volverán ao partido. Os cálculos dos independentes dependen de a cal dos dous se escoite. Para un hai que volver ao PP se se consigue a alcaldía, para outro a distancia que se manteña co partido é a que lle dará o poder. A prensa local calcula que habería que facer un café de redacción con todos os portavoces, aínda que quizais haxa que convidar aos dous independentes. A prensa internacional non tivo tempo a calcular a situación do concello porque internacionais sempre son os outros.

O concelleiro calcula todos os cálculos anteriores e nas sumas e nas restas percibe con claridade a miseria da súa circunstancia. Ninguén conta con el como non sexa para non contar el. Pero el ten un caderno. E se tes un caderno podes escribir unha folla de ruta e se tes unha folla de ruta parece que algo vai pasar. Esta fin de semana animará ao Manchester e trazará o itinerario da súa folla de ruta que comeza con el e rematará en el, como aquela cousa que se rezaba na misa.

Desde a fiestra do despacho no consistorio mira chegar os bombeiros e arrimarse as tendas de campaña. A ver se lles lavan as almas e Rouco queda tranquilo. Mira saír aos rapaces que teñen ao fillo de Ramonita, número dous da lista, como portavoz. O máis perigoso para un político son os parentes, quizais non para Baltar que os ten todos colocados. O fillo da concelleira non debera estar aí. Pero está. O fillo non ten culpa do que faga a nai e a nai non ten culpa do que faga o fillo. Pero a política non entende destas delicadezas. Descolga o teléfono, marca o número do alcalde e case antes de saudar sóltalle: alcalde tes que chamar á orde a Ramonita para que controle á súa familia. O seu fillo está poñendo as cousas difíciles na praza. Ou se pon a sumar ou xa está restan-

do. Colga sen dar tempo a resposta para que o alcalde teña tempo de calcular.

Mira como os bombeiros están desenvolvendo as mangueiras e comezan a regar sen que ninguén levante as tendas antes. Nos cámpings tamén chove. Está por chamar á garda civil, pero neste caso o destino non precisa de intervención. Algunhas das tendas queda para o arrastre e ve como o fillo da concelleira se enlea cun dos bombeiros. Igual debera intervir. Pero o intervencionismo é de esquerdas.

Así se prende unha mecha. Que inxusto, calcula.



Aos enterros vaise ver quen segue vivo. Por iso sempre hai tanto ruído nos funerais, para demostrar que seguimos vivos. Seguimos vivos por algún imperativo que non se pon en dúbida aínda que, a veces, seguir vivo complique tanto as cousas.

Antes, os enterros eran nas casas. Os mortos ían para o cemiterio, pero os enterros eran nas casas. O velorio máis toda esa sesión de acompañamento, conversas, risas disimuladas, besbellos de secretos, saúdos aos parentes, primos, tíos, sobriños e demais familia. Agora, os enterros son en tanatorios e xa non podes ver a casa do morto, nin á familia na súa paisaxe natural, nin bica con leite, nin licor café. Os tanatorios son ideais para os enterros políticos.

Cando chegou ao tanatorio xa estaban todos alí. O retraso permitiulle ver como os grupos se forman mantendo unha distancia entre eles, máis ou menos como os planetas. Nunca chegan a encontrarse. De grupo a grupo circula xente que pica aquí e acolá como as galiñas e que preferirían saudar a uns sen que os outros mirasen. O tanatorio é un corredor longo que vai deixando pequenas capelas. O alcalde está cos seus pegados á porta onde se exhibe o corpo do falecido. Que si, que está morto. Os do PSOE están a medio camiño, ocupan o centro do corredor e obrigan a xente a rodealos. Os do Bloque están situados contra a cristaleira, iluminados desde fóra. Os independentes están flotando sobre a baldosa. Non se deciden a quedarse quietos. Todos se coñecen e todos se recoñecen mentres se ignoran. O velorio é unha representación e o concelleiro ten que asumir o seu papel tirando para onde o alcalde.

-Chegas tarde.

-Xa chegou o cura?

-Que ten que ver?

-Pensei que era un enterro.

Para facerse a un lado entran no territorio do morto e canto máis cerca do morto máis baixo hai que falar, aínda que el non teña ningunha posibilidade de escoitar.

-Explicáme a situación.

-Alcalde, non sei se poderemos chamarte así moito tempo. Non queren negociar para que sigas. Eles cren que a cousa é máis fácil se te quitas da carreira como fixo Chacón.

-Mira que comparación, ela é muller.

-Como queiras. Estoume quedando sen capacidade de manobra. Porque eles din que lles resulta máis fácil negociar entre eles que negociar contigo.

-Mira ti. E ti que dis?

-Eu digo que nin sequera saín elexido. Non sei por que teño que estar negociando. Todo o mundo ten algo que gañar, pero eu estou desvinculado da próxima corporación. Quedei fóra.

-Pero xa amañaremos. Que foi na praza?

-Os rapaces marcharon. O de Ramonita quedou un pouco magullado porque foi bater con Ricardo de Lucinda, que xa sabes que gañou a praza de bombeiro porque foi capaz de andar un quilómetro cun saco de cemento ao lombo. Pero o problema continúa porque a concelleira seica cre que utilizanos demasiada forza e o seu fillo único afeou para unha temporada. Púxose da parte del. E el está argallando para volver á praza. Falaches con ela?

-Preferín non tensar a corda, tamén me fai falta o seu apoio para a investidura.

-Só precisas o seu apoio se segue de concelleira.

-Todo o mundo quere seguir.

-Todos menos o que vai na caixa.

Desde o despacho do concelleiro vese que as tendas de campaña volveron. Agora hai máis. Unha ducia. Algunhas do trinque, mercadas para a ocasión. O alcalde chamou e pasou unha consigna de actuación: "hai que botalos". A frase veulle á cabeza como algo anterior, pero preocupoulle máis o cambio de comportamento do alcalde. En lugar de mandar orde de chamar á Garda Civil só notificou que xa estaba avisada. A manobra será máis complicada.

O fillo de Ramonita non precisa de megáfono. Non haberá vinte persoas reunidas. Din que en asamblea permanente. Ao rapaz nótanselle os restos da batalla anterior. Os bombeiros son xente dura. O concelleiro achégase conciliador.

-Eu creo que levades razón, pero igual podiades buscar outro xeito de facervos escoitar.

-Non imos marchar. Se che parece que temos razón por que non te quedas aquí.

-Teño outras batallas que dar e, ademais, prefiro durmir rodeado de tabiques. Estou seguro de que os motivos que tendes son bos. E se eu tivese a túa idade faría o mesmo. Pero quería evitar males maiores. Ánimo na loita.

O concelleiro cambia de rumbo e marca no móbil o teléfono de Ramonita.

-A cousa vaise poñer seria, non deberías mirar algo polo teu fillo?

-Xa mirei, estou do seu lado.

-Non me digas que vas acampar...

-Só se é imprescindible...

-O alcalde non cho quere dicir, pero está disgustado con que sexa precisamente o teu fillo quen estea enleando o problema, faille unha xestión e fala con el.

-Co alcalde?

-Muller... Co teu fillo.

O cabo da Garda Civil chamou e só dixo: "están aquí".

O alcalde recibiuno sorrindo e desconfiou de tanta fachenda.

-O teu está amañado. Baltar comprometeume unha praza para ti na Deputación.

Podes comezar a traballar nun mes.

A oferta pillouno a contrapé. A posibilidade dun traballo fixo, continuado e seguro, con ou sen cinco por certo, noqueouno. Era un horizonte tranquilizador. As tendas de campaña a un lado e a promesa do aire acondicionado ao outro. No medio decatouse que se o alcalde lle buscara un traballo é porque non quería velo cerca. Boutouse para adiante.

-Alcalde, tes que cesar a Ramonita.

Viu a sorpresa na cara do alcalde e tamén viu que non tiña máis resposta.

-Tes que cesala xa, antes de que se lle ocorra acampar co seu fillo.

-Pero agora preciso dela e falta demasiado pouco para a toma de posesión.

-Pero ti cres que se vai acampar vai votar do teu lado? Tes que cesala agora, botala fóra e que corra a lista.

-Iso é demasido, tería que consultar.

Soa o teléfono: actuamos?

-Alcalde, tes que cesar a Ramonita antes de que desaloxen aos acampados. Se a cesas agora é unha operación política. Despois, será unha represalia.

O concelleiro mira como van chegando os furgóns e di: "xa están aquí".

-Alcalde... Non te apures, é un asunto de ti ou ela. Primeiro o cese e logo a orde de intervir.

-Hai que botalos.

As furgonetas estaban aparcadas nas catro esquinas da praza. No centro, un megáfono. O alcalde firmou os papeis. Logo, púxose solemne.

-Que pasen os antidisturbios.

-Ramonita, dille ao alcalde que non che minta. Nin fun eu quen deu orde, nin fun eu quen firmou o cese. Eu só me beneficio porque a lista corre. Dille que che conte a verdade, dille que che diga que eu tiña oferta para traballar na Deputación. Iso é moito mellor que ser concelleiro, pero moito mellor.

O concelleiro deféndese porque os xornais hoxe arrastran as imaxes dos antidisturbios facendo exercicios espirituais cos acampados. Primeiro uns cantos empurróns para sacalos da praza e logo as furgonas pasando por riba das tendas para que non volvesen servir. Polo medio, o de Ramonita púxose nas súas e papou arriba e abaixo. E veña fotos. Agora ninguén ten culpa. Non pasou, na versión municipal, nada que non se poida resolver cunha semana de baixa. E hai que mercar unhas gafas. É que non saben. Cando veñen os polis as gafas fóra, nada que poida romper. En fin, hai anos que en España se esqueceu o manual do manifestante aguerrido.

-Ramonita, muller, foi un exceso. Pero agora é mellor non facer máis guerra. O concello asumirá os gastos, pagará as tendas e cando haxa cámping, unha semana enteira a gastos pagos. Pero para iso temos que gobernar nós, que os outros non o levaban no programa. Fala co teu fillo e dille que estou con el. Terá a súa compensación. Non fixo un curso de monitor de tempo libre? Pois este verán pode facer uns cartos para os vicios. Xa, xa, xa sei que non ten.

Un minuto de silencio. Estaría ben. Pero logo toca rolda de prensa para explicar o sucedido. Volve o móbil.

-Concelleiro, iso de onte si que foi unha auténtica festaza... Non sei para que queres orquestras coa calidade do espectáculo que dades. Teño algunhas novidades.

-Pois que sexan das de verdade e non un problema.

-Panorama cae seguro. O da Olympus depende máis. Telas xuntas vai ser moi complicado porque non lles gusta competir unha coa outra. Son artistas, xa sabes, aos Beatles e aos Rolling pasásaballes o mesmiño.

-Entón temos un problema?

-Non, que ostia, iso é en Houston. Aquí teño unha oferta, pero vas ter que empezar a ensinarme os cartos. O asunto vai así: superprograma dobre. De primeira Lucía do Incio. Non gañou, pero a xente tenlle cariño. De segunda, fin de festa apoteósico... Luz Casal!!! Ten un argumento de venta carallante. As dúas galegas, as dúas internacionais. As dúas con moreas de admiradores. E, para que vexas que penso en todo, as dúas moi ben vistas polo conselleiro. Máis fácil de financiar. O Xacobeo non che pode dicir non.

-Mimá, grandes damas da canción, só me falta Miguel Ríos.

-Ese non mirei, pero a Uxía podo conseguircha.

-Ponte a currar.

O alcalde mirouno en modo varrido vertical.

-Algunha idea? Falo dos antidisturbios, falo do cese, falo dos pactos?

-Cantos máis temas para falar, menos se paran en cada un deles. Agora creo que unha cenoura sería moito mellor. Eu diría que vai haber pactos. Que Ourense, Santiago e Madrid están dacordo e que ata o once hai tempo.

-Hai pacto, pero non sabemos con quen.

-Eles son espilidos dabondo para inventar.

-Lita, mira se temos por aí o teléfono do conselleiro.

-Hai varios...

-O móbil.

-Digo varios conselleiros.

-O de cultura.

-Agora che paso.

-Conselleiro, teño algo para ti.

-E canto vai custar?

-Non te poñas así. Xa ves que está todo moi revolto. Precisamos boas noticias.

-Ven pola Cidade de Cultura. Mañá teño unha presentación.

-Prefería algo máis informal.

-Entón quedamos en Crechas. Sabes onde é, non? Contra as dez.

Nunca tanta prensa se vira no salón de plenos. O alcalde non tiña o seu mellor día. Sentouse, puxo as gafas de ler e comezou por arriba: lamento moito o sucedido onte e considero desmedida a forza utilizada. Pero agora que a praza está libre, así é como se ten que quedar.

O concelleiro non calculou ben as frases pero pensou que ía gañando. Igual era agora o momento de anunciar as festas.

Non convenceu. Os titulares demostraban que o alcalde perdera o ritmo do tempo. Agora pedaleaba sen potencia, a contramán. Era a próxima árbore caída. Queimada, máis ben. Hai que ir derrubando.

O bar da praza estaba ben nas mañás soleadas. Na terraza agardaba polo concelleiro un periodista.

-Non che parece que a terraza é indiscreta?

-Podo fumar...

-Pois veña...

-Vaia vareo que lle mete Barreiro ao teu alcalde. E hoxe non está só.

-Parecen un clan, Barreiro, Pereiro, Guerreiro... Os eiros. Se te apelidas así é que sempre tes algo que dicir.

-Podo poñer iso?

-Vai cagar.

Polo fondo da praza atravesa o coche do alcalde. Sería tecnolóxicamente estupendo que el non fose dentro. Pero estaba alí, guiando o coche con máis firmeza que os restos da súa carreira política. O concelleiro inquedouse de que mentres aparcaba mirase para a terraza do bar. O feito de estar á vista xa debería servir de demostración de falta de maldade.

-Entón vasme contar o que está pasando?

-Das por feito que o sei.

-Es o único que está tranquilo.

-Pero non é a ignorancia o que dá a tranquilidade?

-Imos organizarnos. As preguntas fágoas eu e ti, se queres, contestas.

-Iso é do sempre. Pero teño unha teoría para a crise dos cogombros. É o principio da fin do mundo. Cando os alemáns non saben que facer é que o mundo está fodido.

-Dígollo ao director. Vaille escribindo se tal. Cres que o alcalde chegará á fin do mundo ou vai ter que marchar antes?

-Pero que tío. Por qué non llo preguntas a el? Creo que quedou claro que quere seguir e que pactará.

-Pero haberá ofertas como as de Baltar ao Bloque?

-E dálle. Aínda estou fóra. Incluso podería correr a lista máis e nin sequera sería concelleiro. Deberías facerlle esta entrevista ao alcalde. Aínda que parece que perdeu algo de capacidade verbal.

-O que eu quería era enteirarme do que pasa.

-Iso é o que queremos todos.

-Dime con quen ten previsto pactar o alcalde, el non daría un paso sen contar contigo.

-Pois creo que xa leva dado varios.

-Cres que os independentes apoiarán ao alcalde?

-Ti que cres?

-Creo que estades mareando a perdiz mentres gañades algo de tempo.

-Eres un "monstruo".

-Veña, ho. Mellor os socialistas ou mellor os outros.

-E non eran mellor todos?

-Non marees, home.

-Non che parece unha solución, un goberno no que participe todo o mundo.

-Pois invita tamén aos acampados.

-Eu non lles quito razón, pero eles escolléronse a si mesmos. Non parece democrático.

-Estaste volvendo socialdemócrata. Iso quere dicir que ides pactar co PSOE?

-Porque ti cres que o PSOE é socialdemocráta? En comparación con que?

-Vai ser que si...

-O que che pasa a ti é que non estás escoitando. Vai ser todo máis grande. Eu apostaría por unha solución que non se viu en ningún lado. Unha solución que sirve moi ben en tempos de crise. Sorpresa, sorpresa.

-Pois dime por onde van os tiros.

-Vas prender a gravadora?

-Non, que entón non dis nada.

-É que non che dixen nada.

Dous minutos antes de entrar en Crechas pitoulle o móbil.

-Falei co alcalde. Di que vas ser o concelleiro en cap e que es o responsable das negociacións para o pacto. Cóntame a folla de ruta.

-Neno, por que non publicas o que che dixo o alcalde e pasas de min un pouco. Supoño que che dixo todo iso para desviar a atención, xa sabes que lle gusta o rollo do Mago Antón: nada por aquí, nada por alá.

-E ti es a pomba...

-Eu son a cachonda esa que levan sempre, agora exhíbeme e mentres tanto manobra.

-Iso podo publicalo?

-Podes publicar unha desas frases que tanto vos gustan e non din nada: queda unha semana e será de infarto.

-Cando menos dime cara a onde te vas inclinar.

-Agora mesmo cara á barra porque vou entrar no bar ese no que estudaches a carreira.

-E cando saias?

-Inclinareime a ir para a casa.

-E no político?

-Se puidese, inclinaríame por min mesmo. Pero tampouco podes publicalo.

-Oes, cal é a diferenza entre o PSOE e o PP?

-Agora mesmo, quince días por ano traballado en caso de despido.

-Iso si que podo poñelo, non?

-Iso é a realidade. Ese non é o voso negocio.

Levaba case un mes sen pasar por Santiago e case se alegraba de non ter que vir. Non estudara en Santiago porque non estudara, pero non sentía ningunha atracción polas tres castas de Compostela: curas, universitarios e funcionarios. Agora xa non se vían tantos dos primeiros, pero a cambio había moitos máis politicos. A política tamén é unha cuestión de fe. Corenta anos de historia para ese cambio tan pequeno parecíanlle unha estafa. Pero calaba, porque el formaba parte da estafa.

O conselleiro estaba saudando. Ese o é traballo dos conselleiros. Deixouse ir ata o grupo. O conselleiro falaba de Nova Iorque.

-Concelleiro! Seguro que hai moito tempo que non entras aquí.

-De entrada, non é moito dos meus pero non lle diría que non se estivese no meu pobo.

-Hoxe, ademais, hai actuación. Camilo Franco e Magín Blanco. Spoken word. En Estados Unidos está moi na moda.

-Nunca inventamos nada. Somos os campións da fotocopia.

-Estás revirado e aínda non viches o que din. Botamos un ollo. Invito eu.

Estábanlle botando unha de Alaska. Con ánimo demoledor. Pero Alaska non era mal fichaxe para as festas. Despreocupados si que parecían. Sacaron a cabeza dun oso e falaron moito de cartos. As prioridades sempre acaban por verse.

-Conselleiro, non querarás calzarme un festival deste rollo?

-Non... É xornalista. Hai que estar a ben.

-Cal deles?

-Pois o que non sabe facer nada coas mans.

-Pero si quero montar un festival. Xa sabes que andan os ánimos disparados e un referente positivo faría moito ben.

-Canto?

-Diso seguro que sabes ti máis ca min. A idea era facer un festival. Tiña pensado que Lucía do Incio e Luz Casal no mesmo concerto podían ser unha boa baza.

-Pero tes que buscarlle un argumento.

-Elas son as dúas galegas e internacionais. Ese é un argumento.

-Digo un argumento ao festival, un concepto, que a xente capte nada máis escoitar o nome.

-Como Cidade da Cultura?

-Vas por mal camiño. Tes que saber cal é marca dos tempos, que busca a xente. Iso é o primeiro dun festival, saber a idea de conxunto, que tipo de espectadores podes atraer, a que sociedades queres chamar. Están pasando cousas e aí podes ter xente, por exemplo, cal é marca dos indignados?

-Quechua?

Se a cámara dun satélite espía puidera seguir os movementos do concelleiro, calquera analista da CIA que non fose Jack Ryan sabería que lle prestan os luns. Tamén podería especular con que os luns son o contrario ao domingo e por iso lle prestan tanto. Porque os luns sempre hai algo que facer. Pero a CIA só está interesada en lugares con armas ou con cartos. Que veñen sendo a mesma cousa.

O informe sobre actividades do individuo comezaría por un encontro nunha localidade a trinta quilómetros do seu domicilio cun home que, tras investigación paralela, resultou ser o voceiro do PSOE (Partido Socialista Obrero Español) no seu mesmo distrito municipal. O encontro durou 42 minutos. Os coches sairon en direccións contrarias. O seguimento só estaba asignado para quen recibe o nome clave de Concelleiro. Tras condución lixeiramente temeraria, incorporación á autovía Rías Baixas, viaxe de 50 minutos. Encontro con outro home que, tras nova investigación, resultou ser concelleiro electo polo PIN (Para Independentes Nós). 83 minutos. Os coches dos dous individuos saen na mesma dirección, á altura da capital provincial diverxen as rutas. Seguimento só a C. Diríxese ao centro da capital. Ingresa coche no aparcamento. Séntase nunha terraza da rúa peonil. Agarda 5 minutos. Chega un mozo. En investigación paralela, a identidade do rapaz resulta ser a do fillo da ex concelleira Ramona Domínguez, coñecida por Ramonita. 28 minutos e dous cafés per cápita. Concelleiro retira o coche do aparcamento. Conduce 15 minutos, tráfico denso. Diríxese ao centro comercial. Coche no aparcamento. Perda de seguimento durante 12 minutos. Reaparece nunha das terrazas superiores dos bares. Novo encontro. O individuo é cabeza de lista polo BNG (Bloque Nacionalista Galego). 21 minutos. Acabado o encontro, perda de seguimento durante 9 minutos. Reaparece automóbil na saída do aparcamento. Condución durante 40 minutos. Regreso ao seu domicilio. Permanencia en domicilio ata as 5 PM. Viaxa en coche ata o Concello. Antes de entrar no edificio diríxese ao bar da praza. 15 minutos. No traxecto entre bar e Concello recibe chamada de teléfono. Transcrición:

-Ola
-Conseguiches algo?
-Iso tería que preguntarcho eu a ti.
-Os días voan e non sei que queres facer. Teriamos que pechar agora o asunto.
-O conselleiro quere algo con máis concepto. Algo que se poida vender directamente.
-Pois non entendo como non lle gustou o asunto das mulleres…
-Creo que dixo que lle faltaba algo de definición.
-Temos que amañar xa.
-Non te apures, aínda teño un as na manga.
-Pero se vas en manga curta…
-Estasme vendo?

Corte da comunicación. O concelleiro párase na porta do Concello para contestar de novo ao móbil. Transcrición.

-Estasme vendo ou non?
-Véxote vir, pero creo que non son quen esperabas.
-Mecagho nos xornalistas.
-Non es orixinal. As empresas periodísticas tamén o fan.
-Segues preocupado?
-En tres letras: e, erre e.
-Iso pásavos por confiar na dereita.
-Máis confiado pareces ti.
-Menos do que cres. Ti es dos que van a concertos e esas cousas?
-Depende do tipo. Só vou a concertos de xente con máis de trinta anos.
-Podías botarme unha man. Teño un festival por facer. Unha opinión estaría ben. Pero ten que ser á marxe do xornal.
-Á marxe xa me poñen eles.

Fin da comunicación.

Ás veces vexo satélites. Andan entre nós. Aparecen e desaparecen seguindo un calendario de mareas non publicado. Sempre admirei os satélites. O brillo con que se deixan mirar. A resposta metálica coa que impoñen os seus intereses. Chegan como se fora natural. Poñen as marcas e din o que hai facer. Pero nunca preguntan.

A reunión estaba tensa. É un asunto de cores. O alcalde descolgou o teléfono vermello e apareceron os cascos azuis para marcar territorio. Había dous tipos. Traxeados. Con garavata. Escoltaban ao alcalde mentres falaba. O discurso era máis ben melancólico. "Todo o que eu fixen por este concello. Unha vida entregada. Un pasado moi humilde. Un presente ben cementado". Os satélites sorrían arredor do alcalde. Pero el non parecía decatarse de que daban voltas arredor doutro planeta. Sempre admirei aos satélites, teñen moito que gañar e nunca perden nada. Por fin, un deles tomou a palabra para explicar que cada concello conta. Facer un esforzo por sumar. Chamar polos que son coma nós. Pactar sen ceder. Sacrificarse para o ben colectivo. Un deles miraba para min. Pero eu miraba a Ramonita.

Os cascos azuis razoaban a súa proposta de pacificación. O importante era conservar a alcaldía porque este concello non se merece outra cousa. Porque a crise non pode pararnos e porque as solucións están na nosa man. Pero o meu móbil estaba noutra guerra. A guerra das mensaxes.

Obras x respaldo?

Todo mandato?

Dedicación exclusiva?

Imos ben. Mañá definitiva.

O alcalde seguía achicando o seu campo. Aínda estamos a tempo de recuperar a dinámica. Só necesitamos a maxia dos vellos tempos. Hai frases que non se deberían dicir en ningún caso. As das películas. Mirou para o rexedor e viuno atravesar unha fronteira. Era un rei marchando lonxe. Que é o exilio?, preguntaría. O exilio es ti.

O teléfono treme como un terremoto que non pode pasar das 140 letras.

Non podemos apoiar alcalde. Aceptariamos goberno minoría alcalde noso.

Demasiado lonxe. Unha concellería con dedicación?

Os cascos azuis despexan os accesos. Que bonita é a pacificación. Cando eles marchen, cando quiten os sorrisos e as garabatas, as catro frases de saír na tele, e recuperen a tranquilidade do coche oficial. Cando marchen, os mortos que deixarán tirados serán nosos.

Lixeiro tremor. Hai que gardar o móbil noutro peto.

Boicot formación de corporacións. Sábado, 11. Desde 9 AM. Concentración diante dos concellos. Indignación ou nada. Pásao.

Ramonita, ramonita, por que o educaches tan ben. ;)))

Todo o mundo en pé. Agora veñen as frases de verdade. O rito do segundo rito. Os cascos parecen protexer ao alcalde, pero en realidade están dando comezo ás súas honras funerais.

O teléfono vibra xusto cando coronel choca as cinco. Dobre descarga.

Concelleiro, cando quedamos para resolver o do festival?

Os periodistas sempre están no seu propio conflito.

-Non podías ter buscado outro lugar para quedar… É a segunda vez en menos dunha semana que entro.

-Hai sitios peores. Hoxe presentaban aquí un folletín político e xa aproveitei. Aproveitamos a terraza, concelleiro?

O concelleiro non ten calma para as terrazas. Pero calcula que, noutra situación calquera, buscaría a terraza, un vasodilatador e unha ollada en modo periscopio. Disimular, que gran recurso.

-Concelleiro, queres que che propoña algo ou xa sabes o que buscas.

-Xa che digo o que teño. Un festival de cantantes galegas, pero internacionais.

-Por internacionais que entendes, que saian na Televisión Española ou que canten en Portugal.

-Non empeces, anda. A idea é reunir nun só concerto voces de mulleres galegas, meter a televisión polo medio, facer moito, moito ruído. Que vaia moita xente e, se a cousa funciona, seguir outros anos.

-Dabas para dirixir o Xacobeo.

-Os nomes que teño en mente son Luz Casal, Lucía do Incio…

-Non esquecerás a Marta Sánchez…

-Que fallo… En cuestión de nomes que bos sodes os xornalistas. Para que vexas que haberá todo tipo de música tamén pensara en Rosa Cedrón e Cristina Pato.

-Aí véxolle unha posibilidade a que canten xuntas as uxías. Unha cousa así Uxía & Ugia. Igual tamén che tiñan un toque as Malvelas. Claro que con ese cartel non sei se conseguirás mover aos indignados.

-Eu teño que mover ao conselleiro. As cousas son así, primeiro hai que mover os recursos. Hai días que incluso parece que a xente non ten nin que vir.

-Para iso era mellor que o fixeras na Cidade da Cultura.

-Quédame un pouco lonxe.

O teléfono do concelleiro soou. Disimulou ansiedade facendo que buscaba polos

petos da chaqueta cando sabía que o tiña no da dereita do pantalón. Ergueuse para coller distancia do periodista e tamén da terraza da Casa das Crechas. Non lle deu ao botón ata que considerou que ninguén podería sequera escoitar un besbello.

-Si?

-Feito.

Escoitou como un clic. Pero non soubo se era do móbil ou da súa cabeza. Todo fixo clic, como cando todas as pezas encaixan. Deu volta sen dar calculado todo o que esa palabra supuña e, mentres buscaba entre a conmoción particular e o balbordo da terraza a mesa na que estaba, o periscopio bateu sobre ela. Demasiado soa para ser certo.

-Todo ben, concelleiro?

-Diría que si.

-O teu festival está ben, pero creo que debes darlle outro toque.

-Os toques, depende.

-Que che parece grupos un pouco máis modernitos que teñan cantantes. Pero non os de agora. Digo grupos que foron e que se xunten para un día. Se non queres mesturar, pono o día anterior.

O concelleiro non se concentraba nas posibilidades porque estaba máis atento á soidade da outra mesa. A soidade é un concepto moi relativo.

-Aerolíneas Federales, Fresones Rebeldes, Rubi y los Casinos, Alaska… Podo facerche unha lista. Deste xeito poderías vender a cousa como as mulleres que cantan agora e as que cantaban antes cando era máis difícil ser muller e trunfar.

-É difícil ser muller e trunfar? Paréceme ben o que dis. Pódesme mandar mañá unha lista para ver como amaño? E mira se das cun titular que o defina todo. Na vida, como no fútbol, o importante son os titulares. Por certo, iso das reunións non quedará un pouco nostálxico?

-Xa non se chama nostálxico. Díselle vintage e vende.

O concelleiro saíu na dirección contraria á que tiña o coche. Ela seguía alí. Soa. El tiña unha oportunidade e moito desentreno. Botouse para diante.

-Que fas?

-Eu canto.

Foi nun pobo con bar. Pase o que pase neste país todo acaba conducindo. Sempre hai un coche polo medio. Quizais por iso as axudas á industria automobilística. O concelleiro conduce de alborada. Vai ao xeito, con cara de pánfilo, mentres a radio o vai devolvendo a unha realidade na que todo o mundo acusa a todo o mundo. Esa realidade na que a empresa con máis futuro parece ser a do cobrador do frac. A radio vai dando un listado dos concellos que non poderán pagar as nóminas neste mesmo mes. E si. Está o seu. Mecago na cona. Pero a cabeza váiselle. A cabeza márchalle pero a realidade insiste en traela de volta.

Pita o móbil. SMS. Pasa polo meu despacho. O teu alcalde.

A estrada cúrvase e con cada curva venlle unha dúbida. Hai que ser elegante cos vencidos? Están realmente vencidos? E se non están vencidos para que serve a elegancia? Debería pasar pola casa antes de ir ao concello. Quizais se lle note o trasnoite. Quizais estea ben que se lle note. Haberá que subir o IVE de verdade? E aos artistas?

O despacho do alcalde estaba en calma. El esperaba algunhas caixas con papeis dentro. E os retratos familiares deitados. Pero non. O despacho estaba coma sempre. E o alcalde sentado na poltrona.

-Non penses que non me dou conta do que estás facendo.

-Alcalde….

-Cando entraches por primeira vez pola porta deste Concello eu xa era alcalde. De verdade cres que podes facer algo sen que me dea conta?

-Alcalde… pero...

-Pero nada. Ostia, é que non se pode confiar en ninguén. Pero vamos a ver, en que estás pensando.

Pita o móbil do concelleiro. SMS. Pero non se atreve a collelo.

-Ti estás facendo ben o teu traballo?

-Pois… creo que…

-Pois non. Joder. Non.

-Pois dáme unha puta explicación. E dáma xa.

O móbil volve a pitar. SMS. Estalle crecendo o nervio porque o móbil non calma e o alcalde afoga. Quizais fallou a operación. E o móbil sabe máis ca el. Ou se perderon os apoios mentres el andaba a outra cousa.

-Alcalde, igual non todo o que escoitas é certo… Hai que facer as cousas en función das circunstancias e o momento agora pide outra cousa…

Pita o móbil. SMS.

-Outra cousa, outra cousa… Me cago na inocencia, de verdade vas organizar un festival de mulleres e non vas traer a Pili Pampín. De verdade non tes pensado algunha homenaxe a Ana Kiro. Pero ti para quen pensas que gobernamos, para uns tipos con gafas?

-Alcalde, chega con que o digas…

O concelleiro sae do despacho, agarra o móbil sen sacalo do peto do pantalón e mentres pasa por diante de Lita pídelle que chame ao da empresa de espectáculos para que localice a Pili Pampín e que busque xente co repertorio de Ana Kiro. Pero para xa. Que o león non descansa.

O despacho do concelleiro rodea ao móbil.

Mensaxe 1. ;))

Mensaxe 2. Salvo mellor oferta, asbtención.

Mensaxe 3. :D ;D :D ;D :D ;D :D ;D :D ;D :D ;D

Mentres pousa o móbil calculando que facer volve pitar o aviso de sms.

Mensaxe 4. Pídechas o corpo neniño, estou disposta cariño, a darche caña.

As veces a luz aparece como un cruce cables. Cando todo fai clic. O concelleiro contesta ti cantarías o repertorio de Ana Kiro?

CAPÍTULO 27: PUTAS CANCIÓNS DE AMOR

Cando as cancións de amor empezan a ter sentido é que ti o estás perdendo. Agora mesmo hai na cabeza un bipartito mal levado. Está a ansiedade de deixalo todo atado e ben atado antes de que ás doce do mediodía de mañá os concelleiros comecen a selo de xeito definitivo. E logo está esoutro asunto que non debería ter nome, pero que o fai xirar como a roda do muíño. O concelleiro séntese en guerra. En guerra contra o mundo, en guerra entre os dous hemisferios do cerebro. En guerra co tempo e coa distancia. Coas horas que faltan e coa distancia que hai. Terá que ser polvo. Pero polvo namorado.

As dúas partes dos bipartito interior que bule teñen sen embargo un interese común. Agora descansa por riba da mesa. Displicente coa súa labor. Indiferente ante os desexos. O móbil descansa en paz mentres as cancións persisten. O móbil descansa en paz mentres o concelleiro non deixa de asedialo cunha mirada cada vinte segundos.

Agora chega a última parte. Hai que convencer aos propios. O móbil permanece inmóbil. Debería botar man del, marcar os números dos concelleiros do seu grupo e botar a rede. Pero quizais nese tempo chegue unha chamada que non poderá atender. Vai distraendo o tempo. Por favor, señor Movistar, non hai un sms para min?

Pero convencer aos propios é sempre o máis difícil. É só unha chamada. Unha argumentación con promesa. Bota man do teléfono, pero non está seguro do momento. Mira na pantalla que a icona das mensaxes non se manifesta. *No me faltes nunca, yo tengo derecho a ser feliz.* A idea é cambiar de aires o rumbo do concello, sen cambiar o rumbo. *Desde que te conozco soy mucho mejor*. Imos facer un acto de postcampaña electoral, o primeiro do mundo, e imos contar todo o que se vai facer e aí vas ver como fixemos ben. *For every kiss you give me i'll give you three*. Teño un programa e aínda estou en disposición de facer outros tres, case todos xuntos. Se os demais están de acordo, ti non podes dicir que non. *Quando dico che ti amo, credi a me*. Estamos en marcha. Faime caso. *Love you forever and forever, love you whit all my heart*.

Como ensaio non estaba mal. Pero quizais estaba sendo pouco convincente. Non

se concentraba porque tiña na cabeza outra cousa. *Somos novios, mantenemos un cariño limpio y puro.* Somos traballadores dos desexos. A ver se me van facer un ERE. *Por qué non me enseñaste cómo se vive sin ti*.

Pulsou no móbil e buscou na axenda Moncho. Os tempos estaban chegando. Incluso antes que os sms.



Todo limpo. Todo colocado cunha pulcritude de sábado pola mañá. As bandeiras, o retrato real, as cadeiras cada unha contra o seu espazo. O bastón de mando, sobre a mesa, esperando unha man que o faga valer. Hai calma no interior e ruído no exterior. O alcalde entra pola porta grande e o concelleiro pola pequena. Os demais vanse colocando con certa indefinición porque ten que haber un momento no que ninguén mande. Aínda que sexa só por dous minutos. O alcalde dá orde de comezar e manda a Lita traer a urna. Fórmase a mesa de votación e proclámanse os candidatos. Ningún dos catro nomes que se proclaman é o do concelleiro. Cada voceiro anuncia que votará polo seu. O alcalde permanece tranquilo, o concelleiro permanece tranquilo. Ramonita chora na esquina norte do salón de plenos. O fillo de Ramonita berra na praza: "manos arriba, esto es un contrato".

Os novos concelleiros desfilan para votar. O cruce de ollos co concelleiro debeu advertirlle ao alcalde que algo non ía ben. Pero estaba demasiado atento á oposición e a cerimonia vai máis rápida do previsto. O secretario abre a caixa para ler os votos e ao voceiro dos independentes sóalle o móbil anunciando unha mensaxe. O concelleiro séntese aliviado ao ver a cara de susto que pon. Algo fallou, pero os votos xa están dentro.

O secretario comeza o reconto. O primeiro voto é para o alcalde. O segundo e o terceiro voto son para o BNG. O cuarto voto leva o nome do concelleiro. O alcalde mira para o seu grupo, mira para os independentes, mira para os socialistas mentres todos miran para outro lado. O quinto voto proclama o nome do concelleiro. Concelleiro. Concelleiro. O alcalde crava os ollos no concelleiro que crava os ollos no móbil. Concelleiro. Os fotógrafos comezan a retratar ao concelleiro xusto no momento en que comeza a sentirse gañador. O último voto leva o nome de concelleiro, pero é o voto que lle vai permitir deixar de selo. O secretario levanta a voz para dicir o nome do novo alcalde. Os fotógrafos regalan os disparos.

O secretario chama ao traspaso do bastón de mando. Baixo a mirada indiferente do

rei encóntranse dous homes con camiños que se separan. Un acaba de descubrir pola brava o carreiro dos elefantes. Outro séntese como o macho alfa da manada. Arrímanse á mesa pero o ata agora concelleiro non se atreve a achegarse máis ao aínda alcalde. O secretario entrega o bastón ao alcalde. Cando o ergue, o concelleiro sente a ameaza e encolle un pouco a cabeza como para protexerse dun golpe. Esa será a foto do día. O ruído das cámaras apagará a frase dun alcalde a punto de poñer fin a unha época. "E ti? Bruto".

Discurso de postcampaña

Como alcalde voso que son débovos unha explicación e esa explicación vóuvola dar como alcalde voso que son. Moitas grandes palabras se pronuncian estes días para xustificar as cousas que pasan. Pero as grandes palabras xa non valen. As grandes palabras valen o mesmo que as outras. Iso é o malo das palabras. Por iso eu quería hoxe aquí presentarvos algúns feitos. Aínda é pronto, pero hai algúns feitos. Hoxe son alcalde e hai vinte días quizais isto fose considerado milagre.Tamén pode ser considerado ambición e non vou negar ningunha das dúas cousas. Porque estou aquí para darvos explicacións non do que pasou senón do que queremos que pase. Pasou o que pasou. Pero creo que agora estamos mellor que hai un mes.Os avances requiren sacrificos, pero non teñen que facelos todo o mundo. Só teñen que facelos os que están sinalados para facelos.

Era necesario cambiar as palabras. Pero cando a xente non quere cambiar as palabras, entón hai que cambiar á xente. Pode parecer mal ou parecer ben. Eu entendo o que di José Luís cando di que el actuaría doutro xeito, pero mentres o resto actúe así nós non podemos cambiar tampouco.

E sen embargo sempre quedan camiños para andar. Nos concellos a política non sirve para nada. Non sirve para facer aceiras, non sirve para facer casas, nin para recoller o lixo (igual para iso si que sirve), non sirve para poñer puntos de luz. Por iso son partidario de prescindir da política e utilizar a xestión sen deixar de lado á xente.

Son partidario de aproveitar os defectos. Por iso quero aproveitar o meu daltonismo para demostrar que non teño preferencia por ningunha cor política.

Quero anunciar un goberno de concentración municipal. Un goberno no que estean representados todos os partidos que hoxe forman a nova corporación e, se non queren todos, cando menos estarán case todos. Isto non supón un reparto de cargos, senon un reparto de responsabilidades. Como xa imaxinaredes a responsabilidade é máis importante que o cargo. Pero o cargo é necesario para exercer a responsabilidade. Deste xeito, o reparto de responsabilidades vai quedar así, ata nova orde. A concellería de obras vaina xestionar o PIN (Para Independentes Nós). Economía será para os socialistas, industria para o meu grupo e cultura, que será levada pola mesma persoa que ata agora, este que lle fala. Se alguén quere sumarse aínda está a tempo.

Como dice Alberto, non está na nosa man solucionar o paro. Pero tampouco non me resigno a que as cousas queden así. Teño confianza absoluta no que podemos facer e por iso vou propoñer un novo contrato entre o concello e os seus cidadáns de xeito que entre todos poidamos facer algo para mellorar as condicións. Por iso creo que en tempos de crise hai que aumentar as inversións e reducir os gastos. Tamén creo na capacidade do comercio e dos traballadores do noso concello e por iso o seguinte plan de obras que vou presentar estarán todas feitas por empresas locais que deberán acreditar o uso de traballadores locais.

O plan de obras é en si mesmo un programa de goberno. E se estades preocupados porque este plan teña que ser coordinado por unha concellería do PIN xa vos adianto que hai entendemento total. Os bipartitos só son malos cando hai dúas partes. Aquí todos queremos o mesmo. Da transversalidade deste plan podedes deducir a intención

de colocar ao noso concello non só neste século. Tamén no seguinte.

Somos conscientes da importancia do turismo para o futuro. Tamén somos conscientes da cantidade do incremento do parque móbil de tendas de campaña en Galicia e en España. Queremos adiantarnos ao que pode ser este mesmo verán e imos declarar acampables todas as prazas do municipio. Isto, en realidade, será só a primeira parte dun plan para declarar o noso concello primeiro municipio acampable de España e Portugal. Na primeira parte deste plan colocaremos en todas as prazas e tamén en todas as rotondas equipamento para facilitar a vida dos acampados, incluíndo wifi. E isto, que pode ser entendido como audaz, non é máis que principio, porque queremos converter o concello no cámping máis grande do mundo. Isto suporá o redeseño de todos os espazos públicos e o axeitamento dos servizos a esta nova característica. Este plan estará coordinado por Rodolfo Domínguez, máis coñecido como o fillo da exconcelleira, Ramonita.

Pero para que a xente coñeza esta nova potencialidade do noso concello, como diría Mariano, hai que facer propaganda. Queremos que a xente que veña teña un motivo claro e chamativo.

Tamén temos un plan para isto. Imos converter o municipio nun motor cultural de primeira orde. Tres serán os argumentos fundamentais. O primeiro é a construción dun espazo interdisciplinar de vocación cultural que se chamará a Parroquia da Cultura. Para non traizoar a nova identidade do concello, todos os espazos relizaranse con tendas de campaña, carpas e elementos móbiles, o que, ademais de evitar gastar cartos en cemento, permitará que se instale no noso término municipal unha franquicia de Decathlon.

Pero os edificios, por lixeiros que sexan, non sirven se non ocupan. Hai dúas liñas de apoio para esta nova parroquia cultural. A primeira delas convertirase nun festival musical de carácter internacional con protagonismo absoluto das voces femininas. Voces de muller será o nome deste festival dos que están confirmados os nomes para a primeira edición de Luz Casal, Marta Sánchez, Rosa Cedrón e Cristina Pato, Lucía do Incio, Alaska e moitas máis. A outra acción ten que ver coa preocupación pola preservación e mellora da nosa cultura e das súas esencias. Despois de buscar, chegamos á conclusión de que unha parte principal da nosa cultura ten que ver cos eiros. Case todos os apelidos que acaban con esas letras fixeron aportacións fundamentais á nosa cultura. Este ano comezaremos polas letras, pero cada ano iremos ampliando a outras disciplinas artíticas.

Como diría Roosvelt, en tempo de crise non é momento de achicarse. Quizais algunha xente pense que son un tránsfuga, pero eu non cambiei de partido, só din un paso adiante para acabar cun problema. Eu sigo no mesmo lugar, pero o mundo cambiou. Aínda diría máis, diría que acabamos de aportar unha solución ao mundo da política, porque, como diría o meu amigo Camps, que teñas que cambiar de traxe non significa que teñas que cambiar de hábitos.

Este libro imprimiuse
en Santiago e Compostela
o 13 de xuño de 2011